



#AfestaMaisDocedeGalicia



DOSSIER DE PRENSA



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Deputación
DA CORUÑA

//ABANCA



A primeira Festa do Melindre de Melide organízase -sempre a cargo do Concello- no ano 1991. Neste ano 2025 celebraremos a súa 33 edición.

A Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide é a cita gastronómica máis importante da comarca e unha das de maior proxección de toda Galicia desde que no ano 2013 fose declarada Festa de Interese Turístico Galego. Celébrase cada ano na segunda fin de semana de maio, co fin de exaltar e poñer en valor os doces tradicionais melidenses. Falar de melindres, melindreiros e melindreiras é falar de gastronomía pero tamén de tradicións e de riqueza cultural. Nos fornos tradicionais do corazón da vila amásanse cada día os melindres, ricos e amendoados que a converten en terra doce. Estes doces fanse notar na zona vella de Melide no momento da súa cocción grazas ao seu delicioso aroma.

A Festa do Melindre naceu coa intención de protexer, poñer en valor e recuperar a forma tradicional de facer repostería de Melide e da súa comarca. Os doces tradicionais de Melide, ademais de producir pracer ó noso padal, son elementos que en conxunto forman parte dun aspecto importante do patrimonio cultural do noso pobo: a gastronomía. A Festa do Melindre e da Repostaría da Terra de Melide reúne un inequívoco valor patrimonial, o estar vertebrado por todos os mecanismos de conexión entre festa e patrimonio, encadrándose claramente dentro da figura do patrimonio inmaterial.

Nos últimos anos, a homenaxe estendeuse a toda a repostería típica e tradicional de Melide e da súa comarca. En concreto, fálase de tres produtos que recollen a esencia da tradición reposteira da zona: o melindre, o rico e o amendoado.

Embaixadores/as da Festa do Melindre

A Festa veu apadriñada, nos últimos anos, por unha serie de persoeiros relevantes da gastronomía, a restauración, o cine, o deporte, a música, a administración e o mundo empresarial que colaboran co Concello de Melide, como pregoeiros e embaixadores, para transmitir a labor reposteira tradicional da comarca. Así, créase a figura do Embaixador/a do Melindre como unha distinción de recoñecemento a persoas ou institucións polo labor promocional desenvolvido a prol de Melide e directa ou indirectamente a prol da promoción da repostería tradicional da Terra de Melide.

PROGRAMA

33 Festa do Melindre e da Repostaria Tradicional da Terra de Melide

sábado 10 de maio

11:00h

Apertura da Feira.

Cantón de San Roque

Horario: de 11:00 a 14:00h e de 16:30 a 20:30h

12:00h

Acto de Irmandamento con Santurtzi

Casa do Concello

Obradoiro Interxeracional de exaltación dos doces da Terra de Melide.

Cantón de San Roque

12:45h

Acto de Saúdo.

Praza do Convento

Zugaitza Dantza Talde e gaita Galega

11:30 a 15:00h

Animación de Rúa.

Pasarrúas polas prazas e rúas

Cabezudos Santurtzik

Erraldoien Konpartsa

e os Cabezudos do

Concello de Melide

Charanga Os Caliqueños

13:00h

Visita aos stands no Cantón de San Roque

13:30h

Actuación exaltación dos doces da Terra de Melide

Cantón de San Roque

17:30h

Actividade Infantil.

Cantón de San Roque

ROGELIO 3. LA FETÉ

Circo, clown, corda frouxa, malabares e música

18:00h

Actuación dos grupos de baile. Praza do Convento

Zugaitza Dantza Taldea (Euskadi)

Herba Grileira (Melide)

19:00h

Actuación exaltación dos doces da Terra de Melide

Cantón de San Roque

20:00h

Concerto.

Praza das Coles

GRUPO KORRONTZI

domingo 11 de maio

11:00h

Apertura da Feira.

Cantón de San Roque

Horario: de 11:00 a 14:00h e de 16:30 a 18:00h

11:30h

Animación de Rúa

Pasarrúas polas prazas e rúas

FROITO NOVO

CHARANGA BICOIA

12:00h

Nomeamento de

Embaixadores e Pregón

Cantón de San Roque

13:00h

Animación de Rúa

Pasarrúas polas prazas e rúas

FROITO NOVO

CHARANGA BICOIA

13:00h

Actuación exaltación dos doces da Terra de Melide

Cantón de San Roque

17:30h

Actividade Infantil.

Cantón de San Roque

SEN PATRÓNS

18:00h

Peché da Feira.

Cantón de San Roque

19:00h

Concerto.

Praza das Coles

DE NINGHURES

Irmandamento con Santurtzi

Este ano dentro das distintas actividades da festa, faremos un Acto de Irmandamento con Santurtzi. O nexa afectivo con este concello ten a súa orixe na gran cantidade de melidenses que tiveron que emigrar noutro tempo a Euskadi. Alí os galegos morriñentos necesitaron asociarse, ao igual que noutras localidades, e formaron o 6 de abril de 1969 a Casa de Galicia en Santurtzi, esta asociación traballou arreo polos galegos e a nosa cultura na diáspora.



Tamén teremos o pracer de facer **Embaixadora** da nosa festa á alcaldesa de Santurtzi, Karmele Tubilla, que sempre estivo ligada ao tecido cultural e social da vila de Santurtzi, un municipio que destaca pola ampla oferta cultural e deportiva, elementos que reflicten a identidade dos e das santurtziarras. Poñendo en valor a historia e tradicións locais.

Dentro deste irmandamento teremos a oportunidade de desfrutar da música de varias agrupacións musicais desta localidade, coma o grupo de baile **Zugaitza Dantza Taldea**, os **Cabezudos Santurtzikoko Erraldoien Konpartsa** e gaita Galega e a banda de música folk **KORRONTZI**.



KORRONTZI

A banda de música folk Korrontzi formouse no 2004 polo intérprete de trikitixa (acordeón diatónico vasco) Agus Barandiaran. O seu obxectivo, ao formar a banda, era o de dar á música popular vasca, así como aos sons ancestrais e tradicionais da súa terra, un aspecto máis moderno e contemporáneo, pero sempre desde a perspectiva dunha música baseada na trikitixa e outros instrumentos tradicionais como a txalaparta ou a alboka, sen esquecer nunca o respecto absoluto a toda a tradición que recibira do seu primeiro mestre, o trikitilari Rufino Arrola.

Para lograr esta nova sonoridade, rodeouse de estilos musicais máis modernos e contou coa axuda e a unión de instrumentos como a mandolina, o baixo eléctrico, o contrabaixo ou as percusións.

Durante estes anos, Korrontzi levou a súa cultura, idioma, danza e música por todo o mundo, tocando en grandes festivais e visitando numerosos países, e foi galardoado con premios e mencións como os «World Music Charts» nos anos 2014, 2015, 2016, 2020, 2022 e 2024, «Top100 Roots Music Report» (2015), «Womex Official Selection» (2014), «Mellor banda europea, Eurofolk» (2009), «Mellor banda da península, Navelgas» (2007); ademais, o seu último traballo («Korrontzi, 20», 2023) entra pisando forte, sendo seleccionado entre os 5 mellores discos do ano, segundo da prestixiosa revista «Mondo Sonoro».

Resumindo, Korrontzi é un grupo de música vasca que non deixa indiferente a ninguén, un escaparate de toda unha cultura, que consegue coa forza e enerxía dos seus directos transmitir sons e danzas enraizadas na antigüidade, así como as novas tendencias do folk. Korrontzi é unha festa tradicional de música e danza vasca cunha visión de vangarda, cores e paisaxes.

O Pregoeiro da 33 Festa do Melindre

Edu Lavandeira (Vigo, 1981) é director e creativo audiovisual con numerosos documentais e programas de entretemento no seu currículo. Gañador do Premio Mestre Mateo ao Mellor Programa de TV por Buscadores de Naufraxios. A súa carreira sempre estivo relacionada cos medios de comunicación e o entretemento audiovisual. Apaixonado da gastronomía, especialmente dos pans, das masas e das pizzas, creou a primeira serie documental dedicada a este ancestral alimento: "Maestros del Pan" e publicou dous libros Planeta PAN e Pan Galego. Toda a súa familia materna é de Melide, de onde toma o apelido, Lavandeira. E a Melide faille unha longa homenaxe no libro Pan Galego, no que inclúe algunhas elaboracións que ten na súa memoria ou na da súa nai, como a torta (pan baixo e pouco cocido) ou as rosquillas de sartén. Ademais, acumula case dous millóns de seguidores entre Instagram, Tik Tok e YouTube onde triunfan os seus virais vídeos de elaboracións.



Embaixadores da Festa do Melindre

Nesta 33 edición da festa, nombráranse embaixadores a:

Edu Lavandeira, Karmele Tubilla, A Casa de Galicia en Santurtzi

Os outros bocados da 33 Festa do Melindre

Ademais das actuacións con motivo do irmandamento con Santurtzi, esta edición conta coa presenza de grandes artistas galegos como:



SEN PATRÓN

No mundo dos malabares, todo segue un patrón, unha orde, un ciclo perfecto que garante que as bólas non caian, que as mazas tracen o seu camiño no aire e que os diábolos xiren sen fin. Pero que pasa cando tres malabaristas queren levar a batuta ao mesmo tempo?

En Sen Patróns, non hai quen mande, só mans que compiten e obxectos que voan por riba das súas cabezas nun aparente caos divertido e fascinante. Tres cómicos que viven e se moven como os malabares que controlan, facendo patróns, ciclos que se repiten ata complicarse sen sentido. Entre xogos de poder, equilibrios imposibles e moito humor, descubrirán que a verdadeira maxia non está en quen manda, senón en aprender a xogar xuntos.



DE NINGHURES

En De Ninghures fan música cos pés na terra e os brazos abertos. Son unha das bandas referentes da potente e rica escena do folk galego actual.

Un grupo que mestura mestría musical e actitude desenfadada, que sorprende en cada canción coas súas diferentes voces e a súa actualización das coplas e melodías populares, e que nos fai tanto bailar como emocionarnos coa súa particular fusión da música tradicional galega con ritmos e inspiracións doutras culturas como a latinoamericana ou a magrebí.

En 2022 publicaron 'Aquí' o seu primeiro álbum e máis de medio cento de concertos e algúns sinxelos despois, coma o exitoso 'Morena'. Presentan traballo e espectáculo novo: FEIRA.


Os outros bocados da 33 Festa do Melindre

Ademais das actuacións con motivo do irmandamento con Santurtzi, esta edición conta coa presenza de grandes artistas galegos como:



CHARANGA OS CALIQUEÑOS

A Charanga Caliqueños nace no 2014, como iniciativa por parte dun grupo de amigos para achegar á súa vila, Celanova, a boa música e a boa festa. Caracterízase pola calidade dos seus arranxos, e por presentar un show musical diferente, xuntando pezas clásicas da verbena galega de grupos como a Orquesta Os Satélites; pasodobres, salsas, cumbias e merengues; con música máis moderna, de artistas actuais cunha instrumentación complexa apoiada pola calidade dos compoñentes. A Charanga participou en certames como o de Sotondio, en Asturias, e foi perfeccionando a súa actuación, até chegar a ser a día de hoxe unha das charangas referentes da comunidade.



ROGELIO 3. LA FÊTÉ

Rogelio é un entrañable personaxe de ficción e esta é a última entrega dunha triloxía. Que pasaría se ninguén viñera ao teu aniversario? Se ninguén cantara os parabéns para ti? Rogelio volve estar só e desta vez no seu día máis especial. Queres acompañalo? Un espectáculo de risas para toda a familia no que o actor Dani Blanco dá continuidade á saga do pallaso Rogelio. Circo, clown, corda frouxa, malabares e música e sobre todo moito humor.

Rogelio 3. La fête é unha coprodución de AsSircópatas e a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.



HERBA GRILEIRA

O que naceu no 2009 dun xeito informal, case improvisado, converteuse ao longo destes anos nunha Escola de baile e música tradicional que acubilla ao redor de 160 alumnas e alumnos, con idades comprendidas entre os 5 e os 75 anos. Herba Grileira é unha asociación comprometida, non só co folclore tradicional, tamén coa terra na que vive, coa sociedade da que forma parte e co idioma no que fala. Dicar compromiso coa terra é sinónimo de dicir respecto, admiración e interese por divulgar o rico patrimonio inmaterial da Terra de Melide, comarca berce de grandes gaiteiros, territorio de fonda tradición musical. Dese querer polo herdado e desa intención de poñelo en valor naceu o que ata hoxe é o proxecto máis ambicioso de todos os desenvoltos por Herba Grileira: A gravación dun disco coas músicas da Terra de Melide, extraídas do Libro Terra de Melide, publicado no ano 1933 polo Seminario de Estudos Galegos.



FROITO NOVO

Agrupación de música tradicional de Melide por excelencia, historia viva da nosa música en Galiza.

BICOIA

Charanga Bicoia ten un espectáculo dinámico, divertido e participativo co público. Esta charanga, conformada por mulleres, ten como motores a loita pola igualdade en todo tipo de escenarios artísticos, a defensa da lingua galega e a escolla dun repertorio diferente e coidado, coa mirada



posta na música de raíz, sobre todo na galega. Charanga Bicoia fai actuacións tanto en pasarrúas ou pasabares como ao quieto. En todos eles as persoas que asisten gozan da enerxía que transmiten.

Colaboracións Melindreiras

na difusión da XXXIII Festa do Melindre

Aloxamentos

Participantes:

Hotel Lux Melide

Hotel Carlos 96

Pensión Esquina

Hotel Xaneiro

Pensión Xaneiro

Pensión Orois

Pensión Berenguela

Pensión El Molino

Pensión A Codeseira

Pensión San Antón

Pensión Pereiro

Chiquitín

Pensión Ferradura

Casa A Ferradura

Establecementos

de Restauración:

Parrillada El Molino

Hotel Xaneiro

Hotel Carlos 96

Restaurante A Codeseira

Mesón O Toxo

Raxería Ramos

Parrillada Rúa

Cafetería A Solaina

Pulpería Ezequiel

Pulpería A Garnacha

Gastroteca A Boa Vida

Viñoteca A Boa Viña

A Bodeguilla

Adeg Mandil

Tapería Nós

Bar Liñares

Dúas Rúas

Bodega Curros

Cafetería Malavida

Chiquitín

Jacaranda

Casa Ferradura



#AfestaMaisDocedeGalicia

